

XAVIER CASTRO (ed.) *Castelao e os galeguistas do interior*, Vigo: Galaxia, 2000, 405 pp.

Durante anos cando oíamos expresións coma «galeguismo do interior» ficabamos cunha sensación estraña, entre o descoñecemento e a curiosidade, sen estarmos moi certos do que iso significaba. Logo viñeron as lecturas que nos axudaron na pesquisa sobre estas cuestións claves da historia de Galicia contemporánea. Lembremos con relevancia especial *Os anos escuros* (Vigo, Xerais, 1985) de X. L. Franco Grande e un libro dos amigos intitulado *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (Galicia Editorial, 1991). Polo medio atopamos centos de referencias (quer directas, quer indirectas), outras visións, máis sintéticas do panorama galeguista de posguerra, e peripecias vitais varias nos arredores da herencia ideolóxica do galeguismo de posguerra, baixo calquera dos puntos de vista dos que se queira ollar. Se tomar posicións obrigaba a calquera analista a establecer as súas reflexións cunha mancha de matices e puntualizacións, foi no final do milenio (cabo do ano 2000), cando puidemos consultar material de primeira man que nos permita reconstruírmos este anaco da nosa historia sen intermediarios. Foron varias as obras sobre os galeguistas «históricos» e sobre o seu ideario que se publicaron coa fin de milenio, cincuenta anos despois da morte de Castelao, o actor principal que tivo o movemento galeguista. Destacaremos, entre outras, a publicación da obra completa de Castelao por parte da Fundación Castelao (un dos tomos dos que consta está dedicado ao epistolario), *Un epistolario de Ramón Piñeiro* editado por Francisco Fernández del Riego e, a obra que nos ocupa, *Castelao e os galeguistas do interior*. Ambas foron publicadas pola Editorial Galaxia, que, como é sabido, foi fundada polos galeguistas do interior unha vez que o facho de Castelao se apagou en Bos Aires. Esta obra mostra cartas, informes e documentación varia de galeguistas ou doutras persoas que operaban política e culturalmente entre os anos 1943 e 1954.

Inicialmente aparece un prólogo de Francisco Fernández del Riego, dono da maioría do material aquí reproducido, no que sitúa algúns feitos acontecidos nestes anos, fundamentalmente a partir da reorganización do Partido Galeguista e os contactos con Castelao. A seguir vén un «Índice dos documentos» que alén de indicar de qué tipo de documento se trata (carta, cablegrama, informe, etc.) ofrece a data en que foi producido ou, no seu defecto, cando se podería datar en función do contexto histórico no que se sitúe. Coidamos moi axcitada a ordenación cronolóxica, xa que facilita unha lectura liñal conforme aconteceron moitos feitos relatados, aínda con algúns desfases xa xustificadas na «Presentación» que de seguido fai Xavier Castro.

Tanto esta «Presentación dos documentos» coma a «Glosa dos documentos» posterior que fai o editor axudan ao lector por canto separan a fariña do farelo. Así, pode-

mos ler dun xeito ordenado cronoloxicamente as cartas ou documentos e, á vez, podemos escoller entre as diferentes temáticas sen termos que ler toda a obra. Polo demais o groso do libro (cartas, documentos, etc.) veñen acompañados por moitas notas a rodapé que engaden información adicional para comprender mellor o contexto social e, sobre todo, político no que foron escritos. Toda esta documentación sérvenos para coñecer de perto o pensamento dunha personalidade tan importante coma Castelao nuns anos decisivos (e últimos) da súa vida, non só acerca de cuestións políticas, senón tamén amicais e íntimas. Tamén podemos coñecer cómo os galeguistas que ficaron en Galicia tiveron que facer para reorganizar o Partido Galeguista; as relacións con outras forzas antifranquistas; as posibilidades de cambio de réxime político; a necesidade refacer o partido para conseguir, cando o cambio se producise, o Estatuto de Atonomía para Galicia; as negociacións e pactos para conseguir que Castelao fose ministro do goberno da República no exilio e moitas outras cuestións. Da lectura desta obra fica a impresión de que tanto o galeguismo do interior coma o do exilio contaban con dous líderes sólidos e dunha talla intelectual e política moi alta: Castelao e Ramón Piñeiro, máis alá de estratexias políticas acertadas ou erradas. Tamén a crenza de que o xénero epistolar, alén de ofrecer claves de análise definitivas, convértese aquí nun xénero literario moi atracente, sobre todo ao comprobarmos o contido literario de moitas destas misivas, sobre todo as escritas por Castelao que manifestan coma ningunha o seu estilo tenro e sentimental, que tanto agrada aos lectores.

Por todo o que dicimos a reprodución de todo este material ten un grande valor historiográfico. Mágoa que non se reproduzan neste libro cartas, documentos, informes e cartas posteriores á morte de Castelao (só hai un) porque ofrecerían aos lectores interesados unha ollada «sen intermediarios» da evolución do galeguismo operante en Galicia e a súa deriva cara ó campo da cultura. Haberá que esperar outro libro de características similares que avancen máis cronoloxicamente para podermos ter os retallos dese traxe que parece incompleto na fotografía da historia máis recente do galeguismo. Aínda que, se cadra, o que este lector bota en falta sérvenos para entender o vento ávrego do outono que pousou o «galeguismo do interior» diante de nós, lostregando, non coma unha brisa tenue do outono que pensabamos en vagarosa fuxida co vento dos anos e da historia.

MIGUEL LOUZA O

POCIÑA, ANDRÉS, *Versos para Aurora*, A Coruña, Edicións do Castro, 1999.

El amor es el gran tema de *Versos para Aurora*, una obra nacida gracias y para él. La vida le ofrece al poeta